



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: ESTABLECEMENTO DO PREZO PUBLICO POR EXPEDICIÓN TUBO QUE CONTÉN A CREDENCIAL DE PEDRONÍA.

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Para a obtención da Pedronía

É preciso realizar algunha das seguintes rutas de peregrinación:

-O camiño de Santiago de Compostela a Padrón

-Un camiño desde calquera localidade da Ría de Arousa a Padrón (vía marítima –fluvial) ou o Camiño Portugués

-Un camiño desde calquera concello distante de Padrón un mínimo de 18 km.

É recomendable visitar todos os lugares xacobeos: o Pedrón e a igrexa de Santiago de Padrón; a fonte do Carme, coa representación da Traslato e do bautismo da raíña Lupa; e Santiaguiño do Monte, identificado como o lugar onde o Apóstolo predicaba e se agochaba dos seus perseguidores e a igrexa de Santa María de Iria Flavia, antiga sé episcopal.

Solicitar o diploma da Pedronía na oficina de turismo ou no albergue municipal de peregrinos.

Segundo: Por acordo da Xunta de Goberno Local do 28/05/2024 acordouse establecer o prezo público por expedición de credencial da Pedronía.

Terceiro: Coa finalidade de que nos servizos que xestionan o Albergue municipal e a oficina de turismo, lugares nos que se expide a Pedronía se poida ofertar unha proposta asequible para a maior parte da poboación, trátase de establecer un prezo público, que poida dar cobertura ao servizo de expedición do tubo que contén a Pedronía obxecto de demanda pola maioría de peregrinos.

Cuarto: Emíteuse estudo de custos e informe da intervención municipal de fiscalización do Prezo Público.

Fundamentos de Dereito.

Primeiro. Artigo 80 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Segundo. Considerando que na Ordenanza Reguladora do Prezo Público por actividades culturais, deportivas e sociais no seu artigo 4 recolle que “o establecemento e contía do prezo público será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, dacordo co artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.

Terceiro. Considerando a urxencia no establecemento antes do mes de xuño pola demanda deste produto na oficina de turismo e do albergue municipal, e considerando que o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle que “Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente”,

RESOLVO:

Primeiro: Avocar a competencia en virtude do fundamento de dereito terceiro e ampliar ao establecemento do prezo público no servizo “expedición da Credencial da Pedronía”; a razón de 2 euros por solicitante, con depósito previo, ao establecemento do prezo público no servizo de Entrega do Tubo que contén a Credencial da Pedronía a razón de 3 euros por solicitante, con depósito previo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro: Proceder a exposición do acordo no Taboleiro de anuncios do Concello e nos lugares de expedición, a efectos da súa publicidade.

Cuarto: Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.